

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16/01/2019, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Expediente de contratación Obra Urbanización Atalaia-Fisterra.-
- 4º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **19:00** horas do día **16/01/2019** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 27 de Decembro de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **LEONOR CASTREJE FERNÁNDEZ**, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 89 de 10/01/2019) para proceder á construción dun aseo e conexión coa rede de saneamento municipal no garaxe existente nunha vivenda (Referencia Catastral 8505313MH7580N0001IT).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de

data 15 de Xaneiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

a. - Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

b.- Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

c.- A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro cunha cota non inferior a 40 cm da parte superior do pozo (da tapa de fundición), farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte.

d.- No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretornos.

e.-O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

f.- A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

g.- Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de YOLANDA LÓPEZ BAAMONDE, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 3.538 de 20/12/2018) para proceder á construción de beirarrúa pola parte dereita da súa vivenda (Referencia Catastral 8408720MH7580N0001FT).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 2 de Xaneiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-**

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de BASILIO CANOSA FERNÁNDEZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 68 de 9/01/2019) para proceder á realización de beirarrúa pola fronte da súa parcela (Referencia Catastral 001900100MH75D0001ZQ).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Xaneiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-**

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA BLANCA DOMÍNGUEZ FRAGA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 3.544 de 20/12/2018) para proceder a realización das obras co motivo de reparación da cuberta, colocando tella do país e impermeabilización da medianeira dunha edificación (Referencia Catastral 8710503MH7581S).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 2 de Xaneiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-**

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUELA ROMERO LIÑEIRO, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada 41 de 7/01/2019) para proceder a realización das obras co motivo de reparación

dunha greta na fachada lateral da vivienda (Referencia Catastral 8609153MH7580N0003DU).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Xaneiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ALEJANDRA BENLLOCH RIVAS, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 49 de 8/01/2019) para proceder a realización das obras co motivo de substitución das fiestras das fachadas por outras novas de PVC nunha vivenda (Referencia Catastral 8609313MH7580N0001BT).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Xaneiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ÁNGEL LOBELOS SUÁREZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 13 de 3/01/2019) para proceder a realización das obras co motivo de substitución das plaquetas e pezas do cuarto de baño nunha (Referencia Catastral 8216109MH7581N0005DE) mediante a ocupación da vía pública con colector de obra que non impedirá o paso de vehículos. -

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Xaneiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

B) Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de RAMÓN REDONDA GONZÁLEZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 3.234 de 6/11/2017) para proceder á realización de recheo de finca con terra vexetal co fin de nivelar a altura das fincas colindantes pola parte norte e coa Rúa Lagares (Referencia Catastral 1047604MH8514N0001LA).

Resultando que o Informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística con data 8 de Xaneiro de 2019 determina o seu carácter de Desfavorable para execución de ditos movementos de terras, dado que AUGAS DE GALICIA (Consellería de Infraestructuras e Mobilidade) mediante Resolución dictada pola súa Directora Xeral con data 21 de Decembro de 2018 non outorga a Autorización preceptiva en base ás razóns que constan na mesma acreditadas no expediente.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Denegar á Ramón Redonda González, o título habilitante para tales actuacións en base as razóns antes expostas.-

C) Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA JOSEFA SUÁREZ SUÁREZ, (Rexistro de Entrada 3.235 de 6/11/2017) para proceder á realización de recheo de finca con terra vexetal co fin de nivelar a altura das fincas colindantes pola parte norte e coa Rúa Lagares (Referencia Catastral 1047605MH8514N0001TA).

Resultando que o Informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística con data 8 de Xaneiro de 2019 determina o seu carácter de Desfavorable para execución de ditos movementos de terras, dado que AUGAS DE GALICIA (Consellería de Infraestructuras e Mobilidade) mediante Resolución dictada pola súa Directora Xeral con data 21 de Decembro de 2018 non outorga a Autorización preceptiva en base ás razóns que constan na mesma acreditadas no expediente.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Denegar á María Josefa Suárez Suárez, o título habilitante para tales actuacións en base as razóns antes expostas.-

D) Visto o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación con data 14/11/2018, a Xunta do Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda proceder a devolución da fianza imposta con data 17 de Outubro de 2017 no importe de Cen euros (100,00 €) por parte de CESARE PEREGO, como consecuencia da Licenza urbanística concedida no seu día para apertura de gabia co motivo da realización de obras da conexión de auga potable con destino a unha vivenda sita no Camiño de A Insua.-

E) Visto o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación con data 14/11/2018, a

Xunta do Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda proceder a devolución da fianza imposta con data 30 de Abril de 2018, por importe de trescentos cincuenta euros (350,00 €) por parte de CESARE PEREGO, como consecuencia da Licenza urbanística concedida no seu día para apertura de gabiá co motivo da realización de obras da conexión coa rede de saneamento destinado a unha vivenda sita no Camiño de A Insua.-

F) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, visto o Informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo de data 8 de Xaneiro de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a JUAN FRANCISCO BOULLOSA MARCOTE, Licenza de Primeira Ocupación de Dúas Vivendas Unifamiliares Apegadas nas parcelas con Referencias Catastrales 8406426MH7580N0001MT,8406425MH7580N0001FT,8406424MH7580N0001 TT e 8406451MH7580N0001YT en base ó Proxecto de Execución redactado polos Arquitectos Xan Casabella López e Xosé Díaz Vieites visado con data 4 de Febreiro de 2016.

G) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, visto o Informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo de data 15 de Xaneiro de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a GILBERTO CASTREJE LÓPEZ, Licenza urbanística para Reforma e Reestructuración de Cuberta con Modificacións Exteriores dunha Edificación, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Modificado redactado polo Arquitecto Pablo Santiberi Aguado que consta no expediente.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 7 de Novembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Resolución de data 31/10/2018 que consta no expediente e da que se dará traslado ao interesado.-

TRANSMISIBILIDADE DE LICENZA

Á vista da comunicación escrita efectuada por parte de Salvador Rivera Marcote, co Rexistro Xeral de Entrada 139 de data 16 Xaneiro de 2019

sobre Transmisibilidade da Licencia Urbanística outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 13 de Outubro de 2005 a favor de INMOBILIARIAS REUNIDAS FINISTERRE S.L., para a construción dun edificio composto de Semisoto (Garaxe e Trasteiro), planta Baixa (4 vivendas), planta Primeira (4 vivendas), planta Segunda (4 vivendas) e un Baixo Cuberta (4 vivendas) a emprazar nunha parcela sita na marxe dereita da C-552 A Coruña - Fisterra, dacordo co Proxecto Básico e de Execución redactado polo Arquitecto Antonio Sanjurjo Martín visado con data 15 de Setembro de 2005; Estudio de Seguridade e Saúde redactado polo Arquitecto Antonio Sanjurjo Martín visado con data 15 de Setembro de 2005 e Proxecto Técnico de Infraestrutura Común de Telecomunicacións redactado polo Inxeñeiro Manuel J. Lorenzo Villamarín visado con data 12 de Setembro de 2005, en favor da Empresa FISTERRACONS S.L.U. acompañando a documentación notarial que consta no expediente,

A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co previsto no Artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Considerar vixente dita Licenza ó non existir expediente declarativo de caducidade por parte deste Concello tal e como determina o Artigo 145 da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, nin cambio na Normativa Urbanística que dou lugar no seu día a súa concesión.--

2) Entender Transmitida dita Licenza Urbanística en favor da Empresa FISTERRACONS S.L.U. con CIF B15961154 e domicilio social na localidade de San Martiño de Abaixo, 2 (actualmente Avenida de Galicia, 19 de Fisterra) aos efectos do disposto no Artigo 13 do Decreto de 17 de Xuño de 1.955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.-

3) Notificar dito acordo á citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos.-

3º.- Expedientes de Contratación Menor.-

A) Examinado o expediente mediante Contrato Menor para levar a cabo a execución da Obra denominada "Subministro e Instalación Estación de Bombeo na Rúa Patres - Fisterra " necesaria por razóns de salubridade e recuperación do medio ambiente nesa zona cumprindo coas directrices sinaladas polo Ente Público AUGAS DE GALICIA ,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Adxudicar dita Obra en cuestión a favor da Empresa Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbría, CP 15152, Provincia de A Coruña nun importe de Vinte mil seiscientos corenta e

catro euros con sesenta e tres céntimos (20.644,63 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Catro mil trescentos trinta e cinco euros con trinta e sete céntimos (4.335,37 €), todo elo de conformidade co disposto nos Artigos 118 da Lei 9/2017 de 8 de Novembro pola que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público .-

2.- Notificar dito acordo o adxudicatario facéndolle saber que ditas obras efectuaránse baixo a Dirección do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo.-

3.- Facultar o Sr. Alcalde para que no nome e representación desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

B) CONTRATO PRESTACIÓN SERVIZOS RECTIFICACIÓN INVENTARIO MUNICIPAL (SEGUNDA FASE).-

Considerando que é necesario e idóneo para cumprir os fins e intereses municipais o remate dos traballos de rectificación no Inventario Municipal e Aprobado o gasto con cargo á Partida 920.227.06 do actual Presuposto prorrogado para 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Adxudicar mediante Contrato Menor a prestación dos servizos de consultoría e asistencia para levar a cabo a Segunda e derradeira Fase dos traballos de Rectificación do actual Inventario de Bens Municipais en favor da Empresa Capacitada PROCAT INGENIERIA Y MEDIO AMBIENTE S.L. con CIF B27712751 e domicilio social na Rúa Damas Apostólicas, 17 Oficina 201 - 204 da localidade de NIGRÁN, Provincia de Pontevedra (Código Postal 36370) por un importe de Quince mil euros (15.000,00 €) e Tres mil cento cincuenta euros (3.150,00 €) do Imposto sobre o Valor Engadido, de conformidade co disposto nos Artigos 118 da Lei 9/2017 de 8 de Novembro pola que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público .-

2) Notifíquese esta acordo á Empresa adxudicataria facéndolle saber que ditos traballos deberánse levar a cabo baixo á dirección do Concello de Fisterra, axustarse na súa totalidade á Memoria Técnica redactada ao efecto que consta no expediente e rematándose con anterioridade ó 31 de Decembro de 2019.--

3) Facultáse o Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación para proceder a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

4º.- Asuntos varios.-

Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS + 2018

A) Examinado o expediente coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Aberto Simplificado da Obra denominada "Mellora Servizos e Pavimentación Ermedesuxo de Arriba, Castro e Sixto" cun presuposto de execución nun importe de Oitenta e catro mil seiscentos setenta e seis euros con seis céntimos (84.676,06 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS + 2018.-

Vista a proposta de adjudicación efectuada pola Mesa de Contratación na reunión de data 9 de Xaneiro de 2019 en favor da Empresa con mellor oferta, Búa Construcciones y Servicios S.L.,

Resultando que por parte da citada Empresa foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como a demais esixida no Prego de Cláusulas Administrativas.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.-Adjudicar definitivamente a obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbría, CP 15152, Provincia de A Coruña nun importe de Sesenta e seis mil catrocentos cincuenta euros (66.450,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Trece mil novecentos cincuenta e catro euros con cincuenta céntimos (13.954,50 €) que supón unha baixa de Catro mil douscentos setenta e un euros con cincuenta e seis céntimos (4.271,56 €) en relación co tipo de licitación.-

2º.- Facer saber ó adjudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non mais tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.--

Asimesmo notificaráse dito acordo ós licitadores presentados publicándose na plataforma de contratación do Estado .

3º.- Designar como Técnico Director da Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde, ó Arquitecto Alfonso Botana Castelo que actualmente ven prestando servizos urbanísticos dentro desta Corporación.--

A) Examinado o expediente coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Aberto Simplificado da Obra denominada "Mellora Servizos e Pavimentación Ermedesuxo de Arriba, Castro e Sixto" cun presuposto de execución nun importe de Oitenta e catro mil seiscentos setenta e seis euros con seis céntimos (84.676,06 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS + 2018.-

Vista a proposta de adxudicación efectuada pola Mesa de Contratación na reunión de data 9 de Xaneiro de 2019 en favor da Empresa con mellor oferta, Búa Construcciones y Servicios S.L.,

Resultando que por parte da citada Empresa foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como a demais esixida no Prego de Cláusulas Administrativas.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbría, CP 15152, Provincia de A Coruña nun importe de Sesenta e seis mil catrocentos cincuenta euros (66.450,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Trece mil novecentos cincuenta e catro euros con cincuenta céntimos (13.954,50 €) que supón unha baixa de Catro mil douscentos setenta e un euros con cincuenta e seis céntimos (4.271,56 €) en relación co tipo de licitación.-

2º.- Facer saber ó adxudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non máis tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.-

Asimesmo notificaráse dito acordo ós licitadores presentados publicándose na plataforma de contratación do Estado .

3º.-Designar como Técnico Director da Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde, ó Arquitecto Alfonso Botana Castelo que actualmente ven prestando servizos urbanísticos dentro desta Corporación.--

AXUDAS ECONÓMICAS

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a C.L.M., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos. -

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. M. Q. F., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de desprazamentos a Centros Médicos, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. C. L. L., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de primeira necesidade ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos. -

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a D.T. L., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a I. G. M., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Seiscentos euros (600,00 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

O primer pago polo importe de Trescentos euros (300,00 €) efectuarase no presente mes de Xaneiro e o Segundo polo mesmo importe dentro do mes de Febreiro de 2019.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a C. L. C., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para poder afrontar gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos. -

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:10 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.